



# I TROFEO DE ORIENTACIÓN LA REGIÓN

6ª PROBA DA XXIV LIGA  
GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ

SÁBADO 20 DE XUÑO,  
MONTEALEGRE (OURENSE)

## MAPA

MONTEALEGRE. Rexistro FEDO: OU-1676-15  
Escala 1:7500 | Equidistancia 5m  
Creación: maio 2015

## ZONA DE CONCENTRACIÓN

Rúa 2, Urbanización de Montealegre, Ourense  
Coordenadas: 42°19'51.3"N 7°49'14.7"W  
(42.330913, -7.820750)  
A zona da concentración situarase ó final da Rúa  
Dous da urbanización Montealegre.

## TERRENO

Desniveis entre suaves e moderados, e gran  
cantidade de detalles rocosos.  
Moitas áreas cubertas de vexetación espesa  
composta fundamentalmente de brezo e  
carqueixa, e outras zonas con vexetación  
rastreira do mesmo tipo.

Existe gran cantidade de pequenos cortalumes  
(dous metros de ancho), que atravesan esas  
zonas verdes, pero que este ano aínda non están  
desbrozados e en ocasións non percíbense con  
claridade. Aínda así, é por eses cortalumes por  
onde se transitará principalmente polo que no  
mapa manteranse de cor amarelo para a súa  
mellor visualización.

Escala 1:7.500 en todos os percorridos.

*En caso de perda sen solución, tomar rumbo  
norte ata a estrada, para logo seguir dirección  
este, ata a zona de concentración onde  
encóntranse a saída e meta.*

## XURADO TÉCNICO:

José Luis Armada (Univ. De Vigo)  
Martín Morales (Limiactiva)  
Pilar Veiga (Univ. De Santiago de Compostela)  
Xuíz controlador: Ángel Álvarez Serto

## INFORMACIÓN TÉCNICA:

Debido as condicións climatolóxicas dos últimos  
días veranse afectadas as zonas de vexetación  
polo que subirán un grao no nivel de espesidade.  
Debido as consecuencias do aumento de  
vexetación recomendamos o uso de polainas ou  
calquera protección do estilo para evitar os  
danos que podan producirse.

Durante a carreira haberá dous avituallamentos  
líquidos e ao rematar a carreira tamén haberá  
outro avituallamento líquido. Debido as altas  
temperaturas que haberá o sábado  
recomendamos que os participantes tamén levan  
auga para a carreira, sobre todo nos percorridos  
longos.

En carreira encontraranse zonas cunha gran  
cantidade de controis polo que é necesario e  
recomendado comprobar o número de control.  
No mapa foron eliminadas as liñas de tensión.

## XOGO LIMPO

Confiamos no xogo limpo dos participantes a non  
ensinar o mapa ao chegar a meta aos corredores  
que aínda non saíran a facer a súa propia  
carreira.

## PERIODICO LA REGION

No periódico "La Región" do venres 19 e sábado  
20 encontraredes un cupón co que obsequiarase  
cun presente por parte do patrocinador ao  
participante que lo leve completo á proba.

## PREMIOS

Entregaránse medallas aos 3 primeiros  
clasificados das categorías Elite (M/H), y tamén a  
las categorías de base (M/H 12/14/16 e 18) e ás  
de iniciación. (Curta e longa).